# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## IES Camilo José Cela (Padrón)

**Data de aprobación en Claustro: 21/02/2022**
**Data de aprobación en Consello Escolar: 21/02/2022**

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela
Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela

# ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCIÓN …….. páx. 2
1.1. MARCO LEGAL …….. páx. 2
2. XUSTIFICACIÓN …….. páx. 4
2.1. ANÁLISE DO CONTEXTO …….. páx. 4
2.2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES …….. páx. 5
2.3. PROCEDEMENTOS DE IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES …….. páx. 6
3. OBXECTIVOS XERAIS …….. páx. 9
4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE …….. páx. 9
4.1. MEDIDAS ORDINARIAS …….. páx. 10
4.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS …….. páx. 14
5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS …….. páx. 24
6. ACTUACIÓNS DAS DISTINTAS PERSOAS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO …….. páx. 27
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN …….. páx. 31
7.1. MECANISMOS INTERNOS …….. páx. 31
7.2. MECANISMOS DE COORDINACIÓN CON OUTROS CENTROS …….. páx. 32
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO …….. páx. 33
8.1. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS …….. páx. 33
8.2. CANLES DE COLABORACIÓN COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO …….. páx. 34
9. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN …….. páx. 35
10. ANEXOS. Modelos de documentos para a atención á diversidade …….. páx. 37

## 1. INTRODUCIÓN

O IES Camilo José Cela é un centro de ensino secundario de longa tradición na bisbarra de Sar, xa que foi o primeiro centro que impartiu ensino secundario na comarca e a súa contorna. A fundación do centro remóntase á década de 1970, en tempos aínda do réxime franquista, e nas súas aulas formáronse en coñecementos e en valores moitas xeracións de cidadáns de Padrón e da súa contorna. É obvio que, ao longo destes anos e a través dos cambios que se produciron, a sociedade e o ensino mudaron moito, sobre todo no que respecta aos valores polos que se rexe e á súa transmisión.

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, é unha realidade de cada centro educativo. Esta diversidade deriva das características sociais, psicolóxicas, biolóxicas e culturais do alumnado, das familias, do profesorado e de todos os membros da comunidade educativa. A atención á diversidade, tal e como vén definida no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, no seu artigo 3, é "o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado".

O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe encamiñarase a compensar as desigualdades que existan entre o alumnado e a facilitar o seu pleno desenvolvemento persoal e social, ademais do seu potencial de aprendizaxe. Para isto rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa. Seguindo estes principios iremos na procura da consideración da diversidade como un elemento enriquecedor e nunca como unha debilidade.

### 1.1. Marco legal.

● *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Texto consolidado 29 de xullo de 2015*.

● *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*.

● *Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*.

● *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*

● *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

● *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*

● *Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.*

● *Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*

● *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.*

● *Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.*

● *Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, do 22 de xullo de 1997 e do 3 de xullo de 2000.*

● *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

● *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

● *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.*

● *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.*

● *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

● *Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.*

● *Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.*

● *Circular 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na Educación Secundaria Obrigatoria*.

## 2. XUSTIFICACIÓN

### 2.1. Análise do contexto.

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, que conta con máis de 8000 habitantes e que é a cabeza dunha bisbarra de máis de 15000 residentes no concello e nos limítrofes de Rois e Dodro. Estamos nunha zona predominantemente rural, pero que conta cos servizos e dotacións propios das zonas limítrofes coas áreas urbanas de referencia, Santiago e Pontevedra.

No IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media de **alumnado** que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2021-2022, hai un número total de 244 matriculados/as: 113 homes (46%) e 131 mulleres (54%).

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia –centro adscrito–, aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato –aínda que tamén en cursos de ESO– é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Cesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela ou Romanía.

En canto ás **familias** do centro, é destacable que a gran maioría manteñen unha estrutura de familia tradicional: o 67% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

Tendo en conta o contexto aludido, apréciase que predomina o medio rural ou rural-urbano, próximo ás zonas de influencia de dúas importantes áreas urbanas. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.

Como aspectos relevantes, podemos mencionar que o noso alumnado posúe un contorno familiar e social relativamente sólido en termos xerais, con familias predominantemente tradicionais en que están presentes en moitos casos os maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos e relacións dos/as menores.

### 2.2. Identificación e valoración das necesidades.

Partimos da premisa de as medidas de atención á diversidade van dirixidas a todo o alumnado: todos e todas son diferentes e poden presentar, ao longo do seu proceso de ensinanza e aprendizaxe, necesidades educativas que poden ter carácter transitorio ou permanente.

Conforme ao que se recolle no Capítulo II da *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado*, que recolle á súa vez o establecido na *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, consideraremos o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE, alumnado con necesidades educativas especiais, atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, TDAH, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades, incorporación tardía ou condicións persoais ou de historia escolar), entre o que singularizaremos especialmente o alumnado con necesidades educativas especiais (NEE, alumnado con discapacidade ou trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe):

| **NEAE** (Necesidade específica de apoio educativo) | |
|---|---|
| **NEE** (Necesidades educativas especiais) | Discapacidade intelectual<br>Discapacidade motora<br>Discapacidade sensorial<br>Trastorno grave de espectro autista (TEA)<br>Trastorno grave de conduta |
| **ALTAS CAPACIDADES** | |

| |
|---|
| **ATRASO MADURATIVO** |
| **TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE E A COMUNICACIÓN** |
| **TDAH** (Trastorno déficit de atención e hiperactividade) |
| **DEA** (Dificultades específicas de aprendizaxe) |
| **DESCOÑECEMENTO GRAVE DA LINGUA DE APRENDIZAXE** |
| **INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO** |
| **CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR** |
| **VULNERABILIDADE SOCIOEDUCATIVA** |

O alumnado do IES Camilo José Cela, nos últimos anos, detectáronse como necesidades máis recorrentes as seguintes:

–**Discapacidade intelectual**: existe un número moi reducido de casos.

–**Discapacidade sensorial**: un caso moi lixeiro de discapacidade auditiva a partir do curso 2021-2022.

–**TEA**: os casos detectados ata o día de hoxe no centro son moi leves, algún deles non precisou ningunha medida ordinaria nin extraordinaria.

–**TDAH**: entre 12 e 16 casos nos últimos anos cada curso (adoitan representar entre un 5 e un 7% do alumnado).

–**Dificultades específicas de aprendizaxe**: neste grupo podemos considerar algúns casos leves de dislexia.

–**Condicións persoais ou de historia escolar**: casos de desatención familiar ou algún recentemente de atraso madurativo.

–**Incorporación tardía ao sistema educativo**: especialmente en alumnado que procede doutros sistemas educativos afastados do noso,

–**Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa**: en xeral, é alumnado integrante de determinados colectivos ou, ocasionalmente, de familias itinerantes.

### 2.3. Procedementos de identificación e valoración das necesidades.

a) **Detección de necesidades nos centros de orixe**. Cada curso establecerase un calendario trimestral de reunións e intercambio de información cos centros adscritos

(CEIP Flavia e CPI Eusebio Lorenzo Baleirón). Nestas reunións prepararase o cambio de etapa, daranse a coñecer as accións do *programa de acollida* do IES: charla informativa no centro de orixe, visita de coñecemento a finais do curso anterior, acollida e presentación grupal no comezo de curso… Manexaranse ademais cuestionarios de recollida de información integral do alumnado e analizaranse os informes psicopedagóxicos xa existentes nos centros de orixe.

b) **Avaliación inicial**. Tal e como se menciona no artigo 12 da *Orde do 8 de setembro de 2021* a avaliación inicial constitúe "un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade". Esta avaliación realizarase nas primeiras semanas do curso e irá acompañada, esencialmente, das informacións do alumnado que estean en poder do Departamento de Orientación e da información que o profesorado titor reúna na revisión do expediente do alumnado e na *ficha inicial de recollida de datos*. Desta reunión de avaliación inicial sairá unha primeira proposta de alumnado que poida precisar medidas de atención á diversidade, que será incorporada polo Departamento de Orientación á avaliación psicopedagóxica e ao informe psicopedagóxico.

c) **Avaliación Psicopedagóxica**. Os datos recollidos nos centros de orixe e os achegados na avaliación inicial formarán parte da avaliación psicopedagóxica, en caso de que deba realizarse. A avaliación psicopedagóxica, conforme ao artigo 13 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, consiste no "proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino e de aprendizaxe" e é competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación.

Esta avaliación pode ser solicitada e realizada en calquera momento en que se detecte unha necesidade. Rexerase polo *protocolo de demanda* que se inclúe como ANEXO I, onde se recollen os seguintes puntos fundamentais:

- A avaliación será solicitada por escrito por parte do profesorado titor (ANEXO III) ou, en caso de alumnado en proceso de admisión, pola dirección do centro.
- En caso de que algún docente considere necesaria a avaliación ante indicios suficientes de discapacidade, altas capacidades ou trastorno ou circunstancia que afecte ao desenvolvemento xeral e/ou á aprendizaxe, deberá comunicalo ao profesorado titor de cara a realizar a solicitude.

■ A solicitude poderá proceder, en determinadas circunstancias, da Administración educativa, da propia xefatura do departamento de orientación ou dos/as responsables legais. Estas circunstancias deberanse consignar por escrito.

■ Cumprimentarase un modelo de comunicación ás persoas responsables legais que deixe constancia escrita da información sobre a necesidade da avaliación psicopedagóxica (ANEXO II).

■ Poderase solicitar a intervención dos EOE en caso de que se considere necesario, do que se informará á familia do alumno ou da alumna.

d) **Informe Psicopedagóxico**. Este informe, como di o artigo 20 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, "constitúe o documento en que se recollen os resultados e as conclusións da avaliación psicopedagóxica". Este informe seguirá a estrutura que se detalla no artigo 21 da *Orde do 8 de setembro de 2021* e nel constarán as necesidades detectadas e a proposta de medidas a adoptar. Este informe terá carácter revisable, como mínimo, ao comezo de cada etapa educativa. Terá carácter confidencial, levando esta indicación en cada unha das páxinas, e as persoas que teñan coñecemento do seu contido están obrigadas a gardar o deber de sixilo.

O Departamento de Orientación convocará unha *reunión cos responsables legais* do alumno ou da alumna para informar dos resultados da avaliación e das propostas que inclúa o informe. *Informará tamén o profesorado titor* sobre os aspectos relevantes para o labor educativo.

e) **Accións ao longo do curso**. En calquera momento do curso poden presentarse necesidades educativas antes non detectadas. Para determinalas serán fundamentais as *reunións periódicas do Departamento de Orientación*, que se constituirá ao comezo de cada curso escolar baixo a xefatura da orientadora do centro. Ademais, establecerase un *calendario de reunións co profesorado titor*, segundo dispoñibilidade horaria. Este calendario servirá tanto para o seguimento das medidas existentes como para a detección de novas necesidades e a súa canalización a través das correspondentes solicitudes de avaliación psicopedagóxica ao Departamento de Orientación.

## 3. OBXECTIVOS XERAIS

a) Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.

b) Optimizar a organización dos recursos do centro para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e, en particular, do alumnado NEAE.

c) Mellorar a intervención educativa con medidas que respondan ás necesidades e aspiracións do alumnado, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias e á consecución dos obxectivos das distintas etapas educativas.

d) Promover a implicación das familias no proceso educativo e nas decisións do centro.

e) Impulsar o compromiso do profesorado na atención á diversidade e a súa participación en actividades de formación e innovación relacionadas con este eido.

f) Promover un enfoque multidisciplinar e colaborativo da intervención educativa dos distintos profesionais internos e externos ao centro.

g) Dar prioridade ás medidas de atención á diversidade de carácter ordinario e normalizador fronte á excepcionalidade das medidas extraordinarias.

h) Desenvolver estratexias e actuacións destinadas ao logro da equidade, á mellora da convivencia, á non discriminación e ao respecto das diferenzas.

## 4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No artigo 7 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, defínense como medidas de atención á diversidade as “actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.”

Segundo se establece nos artigos 8 e 9 do anteriormente citado *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, as medidas de atención á diversidade poden ser ordinarias ou extraordinarias (estas precisan autorización da dirección, da inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda). No seguinte cadro indícanse cales son estas medidas:

| MEDIDAS ORDINARIAS | MEDIDAS EXTRAORDINARIAS / AUTORIZACIÓN |
|---|---|
| Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. | Adaptacións curriculares (inspección Educativa). |
| Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. | Agrupamentos flexibles (inspección educativa) |
| Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión . | Apoio profesorado especialista PT e/ou audición e linguaxe (dirección) |
| Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. | Flexibilización da duración do período de escolarización. (Xefatura territorial) |
| Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. | Programas de diversificación curricular (Inspección educativa) |
| Desdobramentos de grupos. | Programas de cualificación profesional inicial (desaparecidos en 2015) |
| Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. | Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo. (Inspección educativa e dirección) |
| Programas de enriquecemento curricular. | Grupo de adquisición de linguas. (Inspección educativa) |
| Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas. | Grupos de adaptación da competencia curricular (Inspección educativa) |
| Programas de recuperación. | Atención educativa a mozas embarazadas (dirección) |
| Programas específicos personalizados. | |
| Programas de habilidades sociais. | |

Segundo indica o artigo 9 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, a consellería poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade que considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.

No IES Camilo José Cela ponse en práctica un amplo abano destas medidas, sempre tendo en conta o noso contexto educativo e partindo da premisa de priorizar as actuacións ordinarias fronte ás extraordinarias e unha vez esgotadas estas. As medidas desenvoltas no IES Camilo José Cela son as seguintes:

### 4.1. Medidas ordinarias

Entre as actuacións para a concreción das medidas ordinarias recollidas no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* e desenvolvidas no capítulo IV da *Orde do 8 de setembro de 2021*, no IES Camilo José Cela destacan as seguintes:

■ **Adaptación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado**.

Con respecto a esta medida, destaca a organización da docencia do centro segundo o ***sistema de aula-materia***, na que o alumnado debe desprazarse á aula correspondente para recibir o ensino da materia que se programe nese momento. Concibimos esta estrutura como unha auténtica medida de atención á diversidade, na que o profesorado pode ter uns recursos e un espazo máis personalizado para cada alumno ou alumna e axeitado ao seu ritmo de aprendizaxe da materia en cuestión.

A organización en aulas materia pode verse puntualmente alterada por motivos excepcionais, como a volta temporal á organización do centro en base ao grupo-clase tradicional, polas esixencias do *Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19* a partir do curso 2020-2021.

■ **Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado**.

Os departamentos didácticos contemplan nas súas programacións a diversidade do alumnado e realizan a concreción das mesmas ao seu contexto.

■ **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión**.

No IES Camilo José Cela aplícanse determinadas *metodoloxías de aprendizaxe cooperativa*, en moitos casos relacionadas con iniciativas de igualdade e inclusión (potenciadas a través de ferramentas como os contratos programa ou os plans proxecta) ou con proxectos da Biblioteca Escolar (integrada no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) como o Voluntariado Lector ou o Club de Lectura.

■ **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación**.

Esta medida ordinaria emprégase habitualmente co alumnado TDA ou TDAH, como se sinala no *Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario* e na súa concreción nas NOFC do centro. Aínda así, tense empregado como medida de atención á diversidade tamén noutros casos, como na adaptación de tempos e instrumentos para outro alumnado NEAE con dificultades específicas de aprendizaxe ou incorporación tardía ao sistema educativo.

■ **Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia**.

No IES Camilo José Cela existe unha ***Aula de Convivencia Inclusiva*** segundo vén descrita no artigo 25 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. Como ***aula de atención educativa e convivencia*** emprégase o mesmo espazo, ao que é derivado excepcionalmente alumnado que impide o normal desenvolvemento do traballo nas sesións lectivas, segundo establece o artigo 47 da *Orde do 8 de setembro*. Tal e como se establece no procedemento de incorporación a esta aula (ANEXO IX), o alumnado derivado nestes casos desenvolverá actividades do programa de habilidades sociais recollido no Plan de Convivencia do centro e terá que completar as tarefas coas que o/a docente o enviou á aula. As familias serán informadas da asistencia a esta aula (ANEXO X) e a xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado que acuda a ela (ANEXO XI).

■ **Desdobramentos de grupos**.

Esta medida é unha ferramenta útil sempre que exista disposición horaria nos departamentos. Nos últimos cursos emprégase nas materias de Inglés nos niveis máis numerosos (habitualmente 1º, 3º de ESO ou 1º de BAC), onde os dous grupos habituais se dividen en tres que imparten simultaneamente as tres profesoras do departamento.

■ **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria**.

Esta medida emprégase especialmente a través da ***Exención da materia de 2ª lingua estranxeira*** para o alumnado que presente dificultades continuadas, especialmente nas materias lingüísticas, en 1º e 2º de ESO, disposta na *Resolución anual que dita instrucións para o desenvolvemento do curso*. En 1º de ESO este alumnado é derivado a *Reforzo de Matemáticas* ou *Reforzo de Lingua Galega e Literatura*. En 2º de ESO pode optar por *Reforzo de Matemáticas* ou *Reforzo de Lingua Castelá e Literatura*. O alumnado é atendido nas dúas sesións semanais por profesorado destes departamentos con dispoñibilidade horaria. Solicitarase conformidade por escrito ás familias.

■ **Programas de enriquecemento curricular**.

O artigo 49 da *Orde de 8 de setembro de 2021* establece que estes programas personalizados van dirixidos ao alumnado con altas capacidades intelectuais, co fin de desenvolver as súas potencialidades e estimular a súa motivación. Son competencia do profesorado da área e deben desenvolverse na aula ordinaria.

Nos últimos cursos, o escaso número de alumnado con altas capacidades intelectuais non requiriu de ningún destes programas. A través da animación á colaboración en diversas iniciativas ou actividades (como as do EDLG ou da Biblioteca Escolar), foise dando resposta ás inquedanzas de parte deste alumnado.

■ **Programas de recuperación**.

Conforme ao disposto no artigo 51 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, no IES Camilo José Cela desenvólvense ***Plans de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar***. Estes plans son coordinados polos departamentos e elaborados polo profesorado que imparte a materia que o alumno ou a alumna ten pendente de superar segundo o modelo recollido como ANEXO XII. Estes plans tamén se realizan para o alumnado de Bacharelato que cambia de opción ou de materias de opción ao promocionar ao seguinte curso e debe cursar a materia que ten continuidade coa que escolleu ao pasar de curso.

■ **Programas específicos personalizados**.

Dentro deste tipo de programas, no IES Camilo José Cela desenvólvense ***Plans específicos personalizados para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso***, recollidos no artigo 52 da *Orde do 8 de setembro de 2021*. Estes plans débeos seguir o alumnado que non promocione ao seguinte curso na educación secundaria obrigatoria e ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades deste alumnado para tratar de superar as dificultades detectadas.

O equipo docente elaborará este plans (ANEXO XIII), seguindo as directrices dos departamentos didácticos e baixo a coordinación do profesorado titor. En cada sesión de avaliación realizarase o seguimento e os axustes necesarios.

■ **Programas de habilidades sociais**.

No Plan de Convivencia IES Camilo José Cela recóllese como anexo un amplo Programa de Habilidades Sociais, orientado ao alumnado que é obxecto de medidas

correctoras polas que está privado de asistencia ao centro ou ben precise mellorar as súas habilidades sociais para evitar condutas disruptivas. Este programa incorporase agora a este Plan Xeral de Atención á Diversidade.

### 4.2. Medidas extraordinarias

Entre as actuacións para a concreción das medidas extraordinarias recollidas no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* e desenvolvidas no capítulo IV da *Orde do 8 de setembro de 2021*, no IES Camilo José Cela destacan as seguintes:

■ **Adaptacións curriculares**.

Esta medida vai dirixida ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE. Consiste en adaptacións que afectan aos elementos prescritivos do currículo e supoñen, como destaca o artigo 55 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, "a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

No IES Camilo José Cela adoita realizarse un número reducido (entre 2 e 5) de adaptacións curriculares por curso, xa que se procura dar prioridade sempre ás medidas ordinarias.

O procedemento para a elaboración das adaptacións curriculares, descrito no artigo 55 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, concrétase no IES Camilo José Cela do seguinte xeito:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e do posterior informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. No IES Camilo José Cela, o Departamento de Orientación recompila, a partir do mes de xuño do curso anterior a información do novo alumnado procedente dos centros adscritos, de cara a analizar os informes preexistentes e as necesidades dos novos alumnos e das novas alumnas.

b) Reunión do equipo docente coa xefatura de estudos e o Departamento de Orientación (ANEXO XVI). Despois da análise, avaliación e informe dos posibles casos detectados no ingreso ao centro, convócase esta reunión antes da avaliación inicial do conxunto do alumnado. Posteriormente, logo da avaliación inicial, analízanse as necesidades detectadas no total do alumnado, nunha reunión entre o Departamento de Orientación e a Xefa de Estudos.

c) Información ás familias da necesidade da adaptación curricular (ANEXO XVII).

d) Elaboración da proposta de adaptación por parte do profesorado (ANEXO XV). Esta proposta está asesorada pola responsable do Departamento de Orientación, que ofrecerá indicacións ao profesorado para facilitar a conformación do documento de adaptación. Igualmente, a profesora de PT estará ao tanto da realización das adaptacións e contribuirá achegando información ao profesorado e á xefatura do Departamento de Orientación.

O alumnado que teña unha Adaptación Curricular non poderá formar parte dun Agrupamento Flexible na mesma materia adaptada (artigo 56 da *Orde do 8 de setembro de 2021*). Si poderá contar con apoio de PT, aínda que en coordinación co profesor ou profesora que imparta a área adaptada, que será responsable da avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe do alumno ou da alumna.

Segundo o apartado 12 da artigo 55 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, os referentes do alumnado con adaptación serán os incluídos na adaptación, sen que isto lle impida a promoción ou a titulación.

■ **Agrupamentos Flexibles**.

No IES Camilo José Cela desenvólvense Agrupamentos Flexibles, grupos temporais de alumnado que precisa unha atención máis individualizada en determinadas áreas ou materias. Esta medida desenvólvese habitualmente nas materias instrumentais, nos niveis de 1º de ESO (onde se configuran grupos en Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas) e 2º de ESO (con grupos en Lingua Galega e Literatura e Matemáticas).

O procedemento para a conformación dun agrupamento flexible, descrito no artigo 56 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, concrétase no IES Camilo José Cela do seguinte xeito:

a) Reunión da persoa responsable da xefatura de estudos coa responsable do Departamento de Orientación e o profesorado titor do nivel educativo. No IES Camilo José Cela, o Departamento de Orientación analiza previamente as necesidades detectadas a través dos informes achegados polos centros adscritos para o alumnado de nova incorporación ao centro.

b) Análise dos informes do profesorado titor, logo das avaliacións finais, de cara a establecer o alumnado que podería beneficiarse da medida (ANEXO XVIII). Logo de seren analizados os casos do alumnado de nova incorporación e os detectados nos

cursos pasados, analizaranse o datos das avaliacións iniciais logo da celebración das mesmas, nunha reunión entre a xefatura do Departamento de Orientación e a persoa responsable da Xefatura de Estudos. Logo da análise das avaliacións iniciais poderase propoñer outro alumnado para integrarse nos Agrupamentos Flexibles.

c) Informe do Departamento de Orientación sobre o alumnado proposto para o agrupamento.

d) Información ás familias e obtención da súa conformidade (ANEXO XIX).

Os Agrupamentos Flexibles contarán coa programación didáctica adaptada de cada materia e organizaranse no mesmo horario en que se imparta clase aos grupos do nivel, de xeito que poidan integrarse no agrupamento alumnos e alumnas dos grupos ordinarios sen alterar horarios.

Os Agrupamentos Flexibles constitúen unha medida de carácter reversible, se ben calquera modificación da configuración destes grupos será comunicada á inspección educativa. A proposta de incorporación aos agrupamentos poderá realizarse ata o mes de xaneiro incluído.

■ **Apoio do profesorado especialista de PT e/ou Audición e Linguaxe**.

Esta medida vai dirixida ao alumnado con NEE, aínda que, excepcionalmente, o profesorado especialista de PT poida atender a outro alumnado con NEAE.

O artigo 3 do *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* establece que o profesorado de Pedagoxía Terapéutica forma parte do Departamento de Orientación. Ademais, conforme ao establecido no artigo 57 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz pero sen voto. No IES Camilo José Cela existe unha profesora de PT e, nalgún curso académico, contouse con especialista en Audición e Linguaxe a tempo parcial.

O profesorado de PT e AL realizará o seu apoio, con carácter xeral, na aula ordinaria. Os apoios realizados fóra da aula non poderán exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais e en ningún caso suporán a totalidade do horario lectivos semanal dunha determinada área ou materia; ademais, poderán desenvolverse en pequeno grupo cun máximo de cinco alumnos/as de xeito simultáneo.

Este profesorado deberá coordinarse co profesorado titor e co profesorado das áreas que apoie e elaborará, ao final de curso, un informe individual de cada alumna ou alumno a quen prestase apoio (ANEXO XXI). Ademais, entregará unha memoria na que

dea conta da cantidade de alumnado atendido, da valoración da coordinación co profesorado, da valoración da repercusión das medidas de apoio e das previsións e propostas de mellora.

Ao comezo de curso, o profesorado de PT e AL elaborará os programas de intervención, segundo as seguintes directrices:

a) Perfil competencial do alumnado e necesidades detectadas nos informes psicopedagóxicos.

b) Currículo de referencia do alumno ou alumna.

c) Metodoloxía a aplicar: apoio dentro ou fóra da aula, achegas á metodoloxía do profesor de área e propostas metodolóxicas.

d) Procedemento de coordinación co profesorado de área e co profesorado titor.

e) Seguimento e avaliación dos programas: indicadores.

■ **Flexibilización da duración do período de escolarización**.

A flexibilización, segundo se define no artigo 58 da *Orde de 8 de setembro de 2021*, consiste na “redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais”. Consideramos alumnado con altas capacidades intelectuais, segundo se detalla no artigo 9 da *Orde de 8 de setembro de 2021* ao alumnado cun CI igual ou superior a 130 e “un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese”.

Os procesos de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizaranse a través da aplicación informática específica da Consellaría de Educación e consignaranse no expediente académico do alumnado.

► **Flexibilización en Educación Secundaria Obrigatoria**.

As características, procedemento e prazos para a posible flexibilización do período de escolarización na ESO están recollidos no artigo 58 da *Orde do 8 de setembro de 2021*.

Unha modalidade de flexibilización nesta etapa consiste na **redución da duración do período de escolarización** para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais que curse educación secundaria obrigatoria. Esta redución, segundo o artigo 58 anteriormente mencionado, non pode afectar ao derradeiro curso da etapa. A outra modalidade de flexibilización é a **ampliación da duración do período**

**de escolarización**, que poderá ser dun ano para alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais. Este alumnado, no IES Camilo José Cela como centro docente ordinario, non poderá permanecer nesta etapa máis alá dos dezanove anos de idade.

► **Flexibilización en Bacharelato**.

As características, procedemento e prazos para a posible flexibilización do período de escolarización en Bacharelato están recollidos no artigo 59 da *Orde do 8 de setembro de 2021*.

O alumnado de altas capacidades intelectuais poderá **reducir a duración do seu Bacharelato** a un curso escolar, para o que terá que seguir o procedemento indicado no devandito artigo 59 e realizar as mesmas probas extraordinarias de avaliación que se lle apliquen ao alumnado do primeiro curso de Bacharelato que teña materias sen superar logo da avaliación final ordinaria.

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse ensinanzas de Bacharelato poderá **ampliar a permanencia nesta etapa fragmentando os seus cursos por materias**. Neste caso, poderá optar á ampliación extraordinaria dun curso máis por cada un dos dous cursos académicos, sen superar a permanencia total de seis anos nestas ensinanzas.

■ **Programas de Diversificación Curricular (PDC)**.

Estes programas, segundo se definen no artigo 61 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, "consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe". Este alumnado terá que ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade.

Os programas de diversificación curricular terán unha duración de dous cursos, aínda que, de xeito excepcional, poderá incorporarse alumnado exclusivamente ao segundo curso do programa se cumpre as condicións expresadas nos apartados c) e d) do punto 5 do artigo 61 da *Orde do 8 de setembro de 2021*.

O procedemento para a conformación do programa de diversificación curricular, descrito no artigo 61 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, concrétase no IES Camilo José Cela do seguinte xeito:

a) Logo da proposta do alumnado (ANEXO XXIX), realizada polo equipo docente tras as avaliacións, do informe do profesorado titor (ANEXO XXX), das avaliacións psicopedagóxicas e do correspondente informe do Departamento de Orientación, a persoa que ostenta a xefatura do devandito departamento recadará a opinión das familias, que se incorporará ao informe.

b) A comisión formada pola persoa que ostente a xefatura de estudos, a persoa que ostente a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do alumno ou a alumna valorarán os informes e trasladarán a proposta de incorporación á persoa directora para que a eleve á Inspección Educativa.

c) Na proposta elevada á inspección incluirase a relación do alumnado, o profesorado que impartirá os ámbitos do programa (que terá, preferentemente, destino definitivo no centro) e a persoa titora do programa, que será un dos profesores/as dalgún dos ámbitos e exercerá, de ser posible, a titoría durante o tempo de duración do programa.

d) O grupo de diversificación contará cun grupo ordinario de referencia e non superará o número máximo de 10 alumnos e alumnas.

■ **Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo**.

Esta medida ponse en funcionamento, conforme indica o artigo 62 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, "para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente en que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario". No IES Camilo José Cela seguiranse as indicacións dos protocolos relacionados publicados pola Consellaría: *Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica* e o *Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo*.

–*Atención educativa domiciliaria*. Destinarase a alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempos superior a un mes.

Tamén se considera alumnado obxecto de atención educativa domiciliaria o alumnado que, por motivos de saúde, *non poida asistir ao centro por un período de tempo continuado superior a cinco días lectivos* e non reciba atención educativa por parte de profesorado nomeado especificamente. Neste caso, o equipo docente do IES

Camilo José Cela, coordinado polo profesorado titor, elaborará unha proposta de actividades que se entregará á familia do/a alumno/a, para a súa realización, preferentemente a través da aula virtual do centro. Neste caso requirirase informe médico que xustifique a medida.

–*Atención educativa hospitalaria*. Destinarase a alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario máis de quince días.

–*Atención educativa virtual*. Será destinatario desta atención educativa o alumnado que, por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e para o cal as comisións provinciais de seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia. No IES Camilo José Cela, esta atención educativa realizarase, preferentemente, a través da aula virtual do centro. Unha vez que non existan os condicionantes que motivaron esta atención educativa, o alumnado reintegrarase á actividade da aula ordinaria e este feito será comunicado á Xefatura Territorial.

■ **Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal**.

O alumnado menor escolarizado no IES Camilo José Cela e que sexa sometido a responsabilidade penal recibirá atención educativa para promover a súa inclusión. Este alumnado é considerado polo artigo 63 da *Orde do 8 de setembro de 2021* como alumnado con NEAE.

O profesorado titor deste alumnado, asesorado polo Departamento de Orientación, será o encargado de coordinar o equipo docente para colaborar co centro de menores onde se atope o/a alumno/a e favorecer o seu proceso educativo.

■ **Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela**.

O alumnado escolarizado no IES Camilo José Cela e que estea en situación de tutela recibirá atención educativa para continuar co seu proceso educativo. Este alumnado é considerado polo artigo 64 da *Orde do 8 de setembro de 2021* como alumnado con NEAE.

■ **Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar**.

O alumnado escolarizado no IES Camilo José Cela e que estea afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar recibirá atención educativa para continuar co seu proceso educativo. Este alumnado é considerado polo artigo 65 da *Orde do 8 de setembro de 2021* como alumnado con NEAE.

Para a abordaxe da problemática do alumnado afectado por estas medidas seguiranse as indicacións do *Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia* e do *Protocolo xeral de acoso e ciberacoso escolar*. Nas NOFC do centro e no Plan de Convivencia do IES Camilo José Cela está recollido o *Protocolo para a detección, prevención e tratamento das situacións de acoso escolar* que rexe no centro.

■ **Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes**.

O alumnado que pertence a familias itinerantes é o que, por razóns socioeconómicas familiares, non pode asistir de xeito continuado ao mesmo centro ao ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar. Este alumnado é considerado polo artigo 66 da *Orde do 8 de setembro de 2021* como alumnado con NEAE.

No IES Camilo José Cela adoita haber alumnado itinerante pertencente ao colectivo de feirantes que adoitan instalarse na vila na época da Pascua. Neste caso seguirase o seguinte **procedemento**:

a) Comunicación á Inspección Educativa en canto se produza a solicitude de escolarización, de cara á autorización da escolarización extraordinaria.

b) Análise da documentación achegada pola familia, entre a que deberá figurara unha certificación académica do centro de procedencia e a copia do último boletín de cualificacións do centro de orixe.

c) Comunicación co centro de procedencia para o traslado da documentación e da información necesaria.

d) Solicitude dun enderezo de correo e dun número de teléfono móbil actualizado de contacto.

e) Sinatura dun documento de compromiso de asistencia por parte da familia, en que figure a data de chegada á localidade e a data de partida, con notificación do seguinte destino ao que se dirixan e solicitude de admisión no centro correspondente. (adxúntase modelo como ANEXO XXXIII).

■ **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro**.

Segundo o punto 1 do artigo 67 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, o alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con NEAE.

No IES Camilo José Cela seguirase, co alumnado procedente do estranxeiro, o seguinte **procedemento**:

a) Comunicación á Inspección Educativa en canto se produza a solicitude de escolarización, de cara á autorización da escolarización extraordinaria.

b) Análise da documentación achegada pola familia, coa consulta á administración da equivalencia dos estudos no país de orixe.

c) Realización da avaliación inicial por parte do equipo docente e, de ser preciso, avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, unha vez sexa comunicada a autorización de escolarización extraordinaria por parte da inspección.

d) Reunión da persoa responsable Xefatura de Estudos coa persoa responsable do Departamento de Orientación se se constata desfasamento curricular para determinar o nivel educativo de escolarización e/ou a necesidade de participación nun grupo de adquisición de linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular.

■ **Grupos de adquisición de linguas**.

No IES Camilo José Cela valorarase a creación de grupos de adquisición de linguas na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria no caso de que xurdan dous ou máis casos de alumnado procedente do estranxeiro en que se detecte o descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia. Para a creación deste grupo, tendo en conta o disposto no artigo 68 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, seguirase o seguinte **procedemento**:

a) Existencia de dous ou máis casos de alumnado procedente do estranxeiro na etapa de ESO con descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia. No caso de que só exista un caso suplirase a creación do grupo polo apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria na área de linguas, con asistencia e apoio do profesorado de PT.

b) Avaliación inicial por parte do equipo docente e, de ser necesaria, avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, do alumnado que integrará o grupo.

c) Elaboración do plan de traballo a desenvolver no grupo.

d) Elaboración do horario semanal e selección do profesorado entre os/as docentes das especialidades de carácter lingüístico con dispoñibilidade horaria. O

alumnado permanecerá neste grupo de adquisición de linguas un máximo de 24 períodos lectivos semanais, estando o restante co(s) seu(s) grupos de referencia.

e) Solicitude á inspección educativa para a conformación do grupo de adquisición de linguas.

f) A duración máxima de estancia no grupo será dun trimestre, a non ser que se considere necesaria a prolongación deste tempo, para o que se pedirá autorización á inspección. En calquera caso, un alumno ou unha alumna que consiga a competencia lingüística necesaria poderá incorporarse ao grupo ordinario antes de que remate o prazo para o que fose concedida a súa participación.

■ **Grupos de adquisición da competencia curricular**.

No IES Camilo José Cela valorarase a creación de grupos de adaptación da competencia curricular na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria no caso de que xurdan dous ou máis casos de alumnado procedente do estranxeiro en que, non contando con adaptación curricular, se detecte un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo en que estea escolarizado nas áreas de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. Para a creación deste grupo, tendo en conta o disposto no artigo 69 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, seguirase o seguinte **procedemento**:

a) Existencia de dous ou máis casos de alumnado procedente do estranxeiro na etapa de ESO con desfasamento curricular de dous ou máis cursos. No caso de que só exista un caso suplirase a creación do grupo polo apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria na área de linguas e matemáticas, con asistencia e apoio do profesorado de PT.

b) Avaliación inicial por parte do equipo docente e, de ser necesaria, avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, do alumnado que integrará o grupo.

c) Elaboración do horario semanal e selección do profesorado entre os/as docentes con dispoñibilidade horaria das especialidades de carácter instrumental que se van desenvolver no grupo. O alumnado permanecerá neste grupo de adaptación da competencia curricular un máximo de 10 períodos lectivos semanais, estando o restante co(s) seu(s) grupos de referencia. Os períodos coincidirán cos destinados a impartir as correspondentes materias instrumentais nos grupos de referencia, tendo en conta que en

ningunha das materias poderán estar a totalidade das horas no grupo de adaptación da competencia curricular.

e) Solicitude á inspección educativa para a conformación do grupo de adquisición de linguas.

f) A duración de estancia no grupo poderá abranguer todo o curso escolar. A avaliación será realizada polo profesorado do grupo de referencia, se ben o profesorado das materias instrumentais no grupo de adaptación asistirá ás avaliacións con voz pero sen voto.

■ **Atención educativa a mozas embarazadas**.

Esta atención está destinada, conforme se recolle no artigo 70 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, “a facilitar o proceso educativo das menores durante o seu embarazo e nos dous anos posteriores ao parto”. A alumna afectada por embarazo terá a consideración de alumna con NEAE.

A alumna menor de idade nesta situación terá dereito a atención educativa domiciliaria en caso de precisar repouso durante a xestación. Por outra banda, cando, en calquera momento, a asistencia ás clases non poida ser continuada polo embarazo, parto ou coidado do fillo ou a filla menor de dous anos, facilitarase o uso de medios telemáticos para seguir o ensino a distancia, preferentemente a través da aula virtual do IES Camilo José Cela.

Facilitaranse en todo momento as entradas e saídas para a lactación e coidado do fillo ou da filla ata os dous anos de idade. As ausencias ao centro por asistencia a actividades de preparación ao parto ou por causas de asistencia médica ou coidado do fillo ou filla terán a consideración de xustificadas.

## 5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Partindo dos principios xerais de atención á diversidade, recollidos no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, no IES Camilo José Cela establecemos os seguintes criterios para distribución dos recursos e a aplicación das seguintes medidas que se desenvolven no centro:

| MEDIDA | CRITERIOS |
|---|---|
| *Constitución de grupos* | Procurarase a heteroxeneidade e o equilibrio dentro de cada |

Instituto de Educación Secundaria Camilo José Cela
Rúa do Carme, 43 . 15900 Padrón (A Coruña)
Tlf 881866240 Cód. Centro: 15012730
Fax 881866242 CIF: Q-6555544-C
ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iescamilojosecela

| | |
|---|---|
| *ordinarios* | grupo, atendendo, pola seguinte orde, a:<br>1. Equilibrio de xénero.<br>2. Número similar de compoñentes.<br>3. Traxectoria académica.<br>4. Presenza de alumnado con NEAE.<br>5. Presenza de alumnado repetidor.<br>6. Materias optativas comúns. |
| *Desdobramentos de grupos* | Realizaranse dependendo da dispoñibilidade horaria do profesorado necesario e atendendo, pola seguinte orde, a:<br>1. Elevado número total de alumnado.<br>2. Elevado número de alumnado con NEAE. |
| *Deseño e oferta de materias optativas* | O IES Camilo José Cela potencia a optatividade como unha auténtica medida de atención á diversidade, de acordo co establecido no artigo 22, apartado 5 da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*. Deste xeito, atenderase a:<br>1. Oferta ampla axustada aos intereses do alumnado e a garantir a igualdade de oportunidades no acceso ás diferentes vías e itinerarios recollidos na lexislación.<br>2. Comprobación dos mínimos legais esixidos para a conformación das diferentes materias de opción e de libre configuración nas distintas etapas.<br>3. Verificación da dispoñibilidade horaria do profesorado de cupo para a impartición das diferentes materias.<br>4. Solicitude de autorización á Inspección Educativa das materias que non alcancen o mínimo de alumnado requirido. |
| *Exención de 2ª Lingua Estranxeira* | Realizarase nos niveis de 1º e 2º de ESO, atendendo, pola seguinte orde, a:<br>1. Constancia, en informe psicopedagóxico achegado de 6º de Educación Primaria, das dificultades en materias instrumentais.<br>2. Promoción con materias instrumentais pendentes.<br>3. Detección, na avaliación inicial, de dificultades nas materias lingüísticas e/ou en matemáticas.<br>4. Detección de dificultades significativas nas materias lingüísticas logo dunha avaliación psicopedagóxica. |
| *Exención de Lingua Galega e Literatura* | Esta exención temporal poderase aplicar ao alumnado procedente do estranxeiro ou doutra comunidade autónoma agás, conforme ao art. 2 da *Orde do 10 de febreiro de 2014*, o que curse fóra da comunidade tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego. O procedemento será o seguinte:<br>1. Presentación da solicitude cada ano en que se desexe a exención (máximo dous anos) dirixida ao director do centro e usando o formulario normalizado ED332A. Prazo de solicitude: do 1 de setembro ao 20 de outubro.<br>2. Reunión informativa da dirección coas familias solicitantes e valoración da solicitude.<br>3. Resolución da solicitude nun prazo de dez días. |

| | |
|---|---|
| *Apoio do profesorado especialista de PT dentro ou fóra da aula* | Terase en conta para realizar estes apoios, pola seguinte orde, a:<br>1. Alumnado con NEE escolarizado no primeiro ciclo de ESO.<br>2. Alumnado con NEE escolarizado no segundo ciclo de ESO.<br>3. Alumnado con NEE escolarizado en Bacharelato.<br>4. Alumnado con NEAE escolarizado no primeiro ciclo de ESO.<br>5. Alumnado con NEAE escolarizado no segundo ciclo de ESO e Bacharelato. |
| *Aulas de Atención educativa e Convivencia* | No centro existe unha **Aula de Convivencia Inclusiva** que é empregada conforme ás disposicións do art. 25 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro*. Deste xeito cumprirá os seguintes criterios:<br>1. Acudirá a ela o alumnado obxecto de medidas correctoras que inclúan a suspensión temporal do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro.<br>2. Este alumnado realizará tarefas de clase e actividades do Programa de Habilidades e Competencias sociais.<br>3. Este alumnado será atendido toda a xornada por profesorado de garda, membros da dirección e do departamento de orientación, segundo determine a Xefatura de Estudos.<br>Esta aula poderá ser usada tamén como **Aula de Atención Educativa**, conforme ás disposicións do art. 47 da *Orde de 8 de setembro de 2021*, cos seguintes criterios:<br>1. O alumnado disruptivo poderá ser derivado a esta aula exclusivamente pola Xefatura de Estudos, que levará rexistro deste alumnado, logo do correspondente parte disciplinario do profesorado ao que impida puntualmente o correcto desenvolvemento da clase.<br>2. O parte e informe de corrección disciplinaria será enviado pola oficina do centro ao domicilio familiar do alumnado derivado.<br>3. O profesorado que informe disciplinariamente para derivar este alumnado asignará, corrixirá e avaliará as tarefas que, como requisito imprescindible, deberá realizar o alumnado na aula.<br>4. O alumnado derivado á aula desenvolverá, ademais, actividades do Programa de Habilidades Sociais. |
| *Programas de Habilidades e Competencias Sociais* | Estes programas figuran como anexos ao Plan *de Convivencia do centro* e ao *Plan Xeral de Atención á Diversidade*. Irán dirixidos a todo o alumnado, desenvolvéndose como mínimo nos casos de alumnado con suspensión de dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro que cumpra sancións na Aula de Convivencia Inclusiva / Aula de Atención Educativa. |

Outros criterios intrínsecos á posta en marcha de determinadas medidas de atención á diversidade, na maioría dos casos xa determinados pola administración, recóllense na descrición de cada medida no punto 4 do presente plan.

En xeral, tendo en conta o lexislado para cada medida ou programa, no IES Camilo José Cela empregaranse os seguintes criterios de prioridade para adoptar as medidas de atención á diversidade:

1. Alumnado con NEE, con certificado médico e de minusvalía.
2. Alumnado con NEE e que precisa Adaptación Curricular.
3. Alumnado con NEAE e Adaptación Curricular.
4. Alumnado con informe psicopedagóxico e medidas de atención á diversidade de cursos anteriores.
5. Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, con descoñecemento das linguas oficiais e/ou con desfasamento curricular.
6. Alumnado dos primeiros cursos de ESO.

## 6. ACTUACIÓNS DAS DISTINTAS PERSOAS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Partindo das medidas descritas anteriormente, establécese a seguinte distribución de actuacións tendo en conta as persoas profesionais implicadas:

■ **Profesorado**.

–Atención á diversidade nas súas aulas.

–Constatación, se procede, das medidas nos programas de xestión académica e nos documentos de avaliación.

–Elaboración das Adaptacións Curriculares que sexan precisan para o seu alumnado.

–Realización dos informes individuais dos reforzos educativos e, en xeral, dos informes do alumnado que sexan requiridos.

–Información para a detección das necesidades do alumnado polas canles á súa disposición (reunións de departamento, de equipos docentes, de avaliación…).

–Elaboración, seguimento e avaliación, se é o caso, dos Programas de enriquecemento curricular para o alumnado de Altas capacidades intelectuais.

–Elaboración dos Plans específicos personalizados para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.

–Elaboración dos Plans de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar e facer o seguimento e avaliación deste alumnado.

–Atención ás familias e ao alumnado que o requira no horario establecido.

■ **Profesorado titor**.

–Recollida de información necesaria para o labor titorial a través dos documentos e fichas de datos establecidos ao efecto e comunicación desta información relevante ao Departamento de Orientación e á Xefatura de Estudos.

–Realización da solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do Departamento de Orientación, ao detectar alumnado que semelle ter necesidades educativas.

–Establecemento de canles de comunicación coas familias, promovendo a súa integración na vida do centro e informándoas e sobre o labor educativo en xeral, especialmente no momento en que o alumnado comece unha nova etapa educativa.

–Coordinación da elaboración dos informes individuais dos reforzos educativos realizados polo profesorado.

–Coordinación do desenvolvemento das Adaptacións Curriculares do alumnado do curso da súa titoría.

–Elaboración dos informes sobre o alumnado proposto para conformar os Agrupamentos Flexibles e do informe final individualizado do alumnado que integrase estes agrupamentos.

–Elaboración dos informes individualizados sobre o alumnado que se podería incorporar ao Programa de Diversificación Curricular.

–Coordinación da atención educativa domiciliaria e/ou hospitalaria, en caso de que haxa alumnado obxecto desta medida.

–Elaboración do informe xustificativo da constitución, se procede, do Grupo de adquisición de linguas e coordinación co profesorado, en caso de que se constitúa.

–Elaboración do informe xustificativo da constitución, se procede, do Grupo de adaptación da competencia curricular e coordinación co profesorado, en caso de que se constitúa

–Traslado da información ás familias sobre o alumnado proposto para o Agrupamento Flexible e obtención da súa conformidade.

–Convocar e presidir as reunións da Xunta da Avaliación do curso que titoriza.

–Elaboración dos consellos orientadores.

–Elaboración dos informes que xustifiquen a necesidade de Flexibilización para o alumnado afectado por esta medida.

–Coordinación dos Plans específicos personalizados para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.

■ **Profesorado responsable da xefatura de Departamento didáctico**.

–Coordinación da redacción das programacións didácticas, da inclusión nelas das medidas de atención á diversidade que estableza o seu departamento e da súa adecuación ao contorno e ao alumnado.

–Establecemento das directrices de elaboración, por parte do profesorado do departamento, dos Plans específicos personalizados para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.

–Coordinación dos Plans de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar.

–Constatación, nas memorias finais do departamento, do seguimento e cumprimento das medidas de atención á diversidade programadas.

■ **Profesorado titor de alumnado pendente**.

–Seguimento e comunicación cos Departamentos didácticos de cara a implementar os Plans de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar.

–Establecemento dun calendario de tarefas e probas por materia para o alumnado con materias pendentes.

–Posta en coñecemento do alumnado con materias pendentes dos Plans de reforzo das materias que lles afecten.

–Seguimento das cualificacións trimestrais do alumnado con materias pendentes e da súa evolución.

–Recordatorio e coordinación cos Departamentos para o establecemento das datas de convocatoria de proba final para o alumnado con materias pendentes.

–Información ao alumnado pendente das datas de avaliación, especialmente das da proba final de avaliación.

–Comunicación coa Xefatura de Estudos de cara á fixación do calendario final para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.

■ **Profesorado de garda**.

–Colaboración, cando sexa requirida, na atención ás Aulas de Convivencia Inclusiva e de Atención Educativa.

■ **Profesorado de Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe**.

–Colaboración coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación das medidas de atención á diversidade e na proposta de organización da docencia de apoio.

–Elaboración dos Programas de intervención do alumnado que atende.

–Colaboración na elaboración das Adaptacións Curriculares do alumnado que atende.

–Elaboración, ao final do curso escolar, dun informe individual de cada alumno e cada alumna a quen prestase apoio.

–Elaboración dunha memoria final, que se entregará á xefatura do Departamento de Orientación.

■ **Persoa responsable do Departamento de Orientación**.

–Asesoramento xeral sobre as medidas de atención á diversidade.

–Coordinación das medidas de atención á diversidade, en colaboración coa Xefatura de Estudos.

–Elaboración da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade e do Plan Anual do Departamento, onde se recollerá a organización das medidas.

–Realización das Avaliacións Psicopedagóxicas e dos Informes Psicopedagóxicos do alumnado.

–Asesoramento ao profesorado para a elaboración das Adaptacións Curriculares e conformación do expediente de adaptación curricular para a súa tramitación perante a Inspección Educativa.

–Coordinación e asesoramento ao profesorado titor.

–Asesoramento e información ás familias cando o alumnado comece unha nova etapa educativa.

–Coordinación da aplicación do Programa de habilidades e competencias sociais.

–Xestión, asesoramento, apoio e elevación de solicitudes á dirección das Bolsas de estudos para alumnado con NEAE.

–Elaboración da memoria final do Departamento de Orientación, en que se dará conta da valoración das medidas e se integrará como anexo a memoria de PT e/ou AL.

■ **Persoa responsable da Xefatura de Estudos**.

–Establecemento de criterios de organización e xestión para a elaboración de horarios, asignación de titorías, agrupamentos de alumnado e distribución de espazos.

–Coordinación e supervisión das medidas, en colaboración co Departamento de Orientación.

–Información e asesoramento aos departamentos para a elaboración das programacións didácticas.

–Organización e planificación das xornadas de acollemento e portas abertas para o alumnado que se incorpora ao centro.

–Xestión da oferta de materias optativas para o alumnado.

■ **Persoa responsable da Dirección**.

–Xestión e das solicitudes de autorización das diferentes medidas de atención á diversidade perante o organismo que corresponda.

–Organización e planificación das sesións informativas nos centros de orixe do alumnado.

–Deseño de medidas para a adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización do mesmo ás características do alumnado.

–Consignación de dilixencias e observacións oficiais nos programas de xestión e na documentación do expediente académico do alumnado.

## 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

### 7.1. Mecanismos internos

Os principais mecanismos de coordinación interna na atención á diversidade no IES Camilo José Cela serán os seguintes:

■ **Reunións dos departamentos didácticos**.

A través das reunións dos diferentes departamentos, incluído o propio Departamento de Orientación, e da cumprimentación das correspondentes actas, poderase levar un rexistro das accións referentes ás medidas de atención á diversidade. A través destas reunións facilitaranse diversas coordinacións, entre elas as seguintes:

–Seguimento das medidas de atención á diversidade nas programacións didácticas.

–Coordinación entre profesorado do agrupamento flexible e profesorado da área ou da materia. Para facilitar un rexistro unificado no referente ás principais medidas de atención á diversidade, requirirase puntualmente a entrega en xefatura de copia das actas onde consten os seguimentos de coordinación dos Agrupamentos Flexibles.

–Programación de reunións do Departamento de Orientación cos Departamentos de Orientación dos centros adscritos. Estas reunións serán trimestrais e, en calquera caso, sempre haberá unha reunión antes de comezar o curso escolar para intercambio de información do alumnado novo.

■ **Reunións de equipos docentes**.

–Reunións de equipos docentes coa xefatura de estudos a requirimento desta para tratar os aspectos que se precise en calquera momento.

–Xuntas de avaliación: reuniranse de xeito ordinario a comezo de curso, para a avaliación inicial e cada trimestre para a avaliación ordinaria. Reuniranse de xeito extraordinario cando sexa necesario, previa convocatoria do profesorado titor.

■ **Reunións da xefatura do Departamento de Orientación co profesorado titor**.

–Reunión en setembro de cara a facilitar o resumo da información elemental antes do comezo de curso.

–Reunións mensuais da xefatura do Departamento de Orientación co profesorado titor de cada nivel.

–Reunións puntuais para a abordaxe de situacións concretas.

**7.2. Mecanismos de coordinación con outros centros**

No IES Camilo José Cela desenvolveranse os seguintes mecanismos de coordinación e colaboración externa:

■ **Reunións entre os Departamentos de Orientación dos centros adscritos e do IES Camilo José Cela**.

–Programación de reunións do Departamento de Orientación cos Departamentos de Orientación dos centros adscritos. Estas reunións serán trimestrais e, en calquera caso, sempre haberá unha *reunión de recollida de información* antes de comezar o curso escolar para intercambio de información do alumnado novo. Esta información trasladarase en persoa, en sobre pechado, á xefa do Departamento de Orientación.

–Sesión de orientación. Consiste na visita da persoa responsable do Departamento de Orientación ao colexio adscrito CEIP Flavia de cara a informar o alumnado sobre a etapa de ESO que comezarán o curso seguinte.

–Xornada de acollida no mes de abril. O alumnado de 6º de Primaria visita o IES Camilo José Cela para tomar contacto co que será o seu centro o curso seguinte.

■ **Visitas a centros da zona e xornadas de portas abertas**.

–Haberá unha programación de visitas e reunións cos centros da zona. Procedentes destes centros, especialmente o CPI de Pontecesures e o CPI dos Dices (Rois), incorpórase un significativo número de alumnado cada ano, sobre todo para cursar os estudos de Bacharelato no IES Camilo José Cela. Estes encontros desenvolveranse durante os meses de xaneiro e febreiro, antes da apertura do prazo de admisión, e consistiran en desprazamentos de membros da dirección e do Departamento de Orientación a eses centros para expoñer a súa oferta educativa. Posteriormente, no mes de marzo e abril, celebraranse as xornadas de portas abertas, nas que o alumnado destes centros se desprazará a coñecer o IES.

## 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

### 8.1. Canles de colaboración coas familias

No IES Camilo José Cela poténciase a colaboración coas familias da comunidade escolar. Aínda así, o nivel de compromiso non é tan intenso como sería

desexable e durante estes últimos anos incrementáronse os esforzos por parte da dirección para a constitución dunha ANPA, algo que aínda non se conseguiu.

Para a comunicación e colaboración coas familias emprégänse as seguintes canles:

■ **Reunións presenciais**. Mediante solicitude telefónica, telemática ou presencial das familias ou a través da convocatoria polos mesmos medios do profesorado (xeralmente o profesorado titor) ou da dirección.

■ **Medios tradicionais**. Os medios que consideramos neste epígrafe son as *cartas informativas* que se entregan en man ao alumno ou a alumna para o seu traslado á familia (por exemplo os avisos ou convocatorias para reunións, como as dos órganos de goberno en que participen, ou as autorizacións para actividades complementarias e extraescolares). Os *envíos de documentación confidencial* realízanse por correo e sobre pechado dentro doutro e co epígrafe de alusivo ao carácter da comunicación. Entre estes medios integramos as *comunicacións telefónicas* puntuais.

■ **Medios telemáticos**. O principal medio é a páxina web do centro, onde se recolle toda a información básica e os avisos. O correo electrónico é usado puntualmente para comunicarse coas familias, aínda que non todas facilitan un enderezo valido. Un medio que o centro potencia moito é a aplicación Abalar Móbil, fundamental para xestionar as faltas de asistencia, pola súa inmediatez e eficacia.

### 8.2. Canles de colaboración cos diferentes servizos externos ao centro

Os principais servizos externos cos que se establece relación de colaboración no IES Camilo José Cela e as canles principais para desenvolvela son os seguintes:

■ **Concello e Servizos sociais**. A colaboración con estas institucións é fluída por diferentes medios. No caso do concello, ademais das reunións do Consello Escolar cando asiste a representante municipal, as canles principais son o teléfono e o correo electrónico. Tamén se emprega o rexistro municipal no caso de solicitudes oficiais.

■ **Sanidade – Alerta escolar**. Cando se require a intervención dos servizos sanitarios emprégase a comunicación telefónica co centro de saúde ou recórrese aos teléfonos 112 e o 061. Durante a pandemia da COVID-19 habilitouse a aplicación

informática da Consellaría e os teléfonos de contacto. Para a xestión do programa Alerta Escolar a comunicación realízase sobre todo a través do correo electrónico.

■ **Equipo de Orientación Específica**. A comunicación con esta institución, moi importante para o Departamento de Orientación, realízase segundo o protocolo establecido pola normativa e polo propio EOE.

■ **Outros servizos**. Neste eido podemos destacar outras institucións coas que puntualmente se establece relación como o *RUMI* (Rexistro unificado de maltrato infantil), ao que se accede a través da súa aplicación mediante usuario e contrasinal, *AMIPA* (asociación de persoas con discapacidade intelectual) ou distintas ONG.

## 9. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O **seguimento** do Plan Xeral de Atención á Diversidade realizarase para cada curso académico, de acordo co que establece a *Orde de 8 de setembro de 2021* no seu artigo 75, sobre a concreción anual do plan incluída na PXA do centro. Este seguimento realizarase trimestralmente por parte do Departamento de Orientación, en reunión ordinaria dos/as seus/súas compoñentes, da que se levantará a correspondente acta. As *reunións periódicas do Departamento de Orientación*, así como o *calendario de reunións co profesorado titor* serán órganos fundamentais para este seguimento.

A través da CCP tamén se levará a cabo un seguimento do plan e achegaranse suxestións para o seu desenvolvemento e mellora.

A **avaliación** da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade realizarase ao final de cada curso escolar. No artigo 13.2 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* indícase que “Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora”. Segundo o artigo 75 da *Orde de 8 de setembro de 2021* esta memoria entregarase á dirección para a súa incorporación á memoria anual do centro.

### INDICADORES DE LOGRO

■ Realización das reunións previstas no plan.

■ Inclusión de datos desagregados do alumnado NEAE na memoria do centro.

■ Elaboración dos informes de PT e profesorado titor.

■ Consignación das medidas de atención á diversidade nos documentos de avaliación.

■ Realización do 100% das visitas a centros, das xornadas de acollida e de portas abertas.

Con respecto á **mellora** do Plan Xeral de Atención á Diversidade, logo das conclusións e a avaliación do mesmo, se as propostas de mellora, recollidas na memoria anual do Plan, así o consideran, establecerase o proceso de modificación do plan.

Na avaliación e mellora do Plan empregaranse **instrumentos de avaliación** como os seguintes:

–Análise das actas das reunións dos diferentes departamentos e comisións.

–Análise dos informes de PT e AL, así como do profesorado titor.

–Análise, nas actas de avaliación, dos datos de resultados do alumnado NEAE con medidas de atención á diversidade.

–Análise de datos da Memoria de convivencia referentes ao alumnado NEAE.

## 10. ANEXOS

**ANEXO I**. PROTOCOLO DE DEMANDA DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Conforme ao indicado no artigo 19 da *Orde de 8 de setembro de 2021*, o Departamento de Orientación do IES Camilo José Cela de Padrón elabora o presente Protocolo de demanda de avaliación psicopedagóxica.

**1. Situacións en que se require a avaliación psicopedagóxica**.

Segundo o artigo 15 da *Orde de 8 de setembro de 2021*, a avaliación psicopedagóxica deberá de realizarse cando concorra algunha das seguintes situacións:

a) Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o desenvolvemento xeral do alumnado, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.

b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.

c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.

d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.

e) Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.

Tamén se realizará a avaliación psicopedagóxica cando, por circunstancias excepcionais, o demande a Administración educativa.

**2. Axentes que demandan a avaliación**.

a) *Profesorado titor*, con carácter xeral. Entregará a solicitude (ANEXO III) no Departamento de Orientación, que deberá darlle rexistro nas dependencias de administración do centro.

b) *Dirección dun centro docente*. En casos de alumnado en proceso de admisión nun centro docente que requira unha avaliación psicopedagóxica. Será a dirección de dito centro, mediante comunicación a través de correo electrónico,

c) *Administración educativa*. En casos de requirimento das familias a través da inspección educativa, en caso de ditame de escolarización obrigatoria ou en caso de

necesidades excepcionais legais ou administrativas. A administración educativa solicitará por medios telemáticos a realización da avaliación psicopedagóxica.

d) *Departamento de Orientación*. O propio Departamento de Orientación do centro poderá propoñer á dirección, previa información e consentimento das familias, a realización da avaliación psicopedagóxica.

e) *Responsables legais do alumnado*. Os representantes legais do alumnado poderán solicitar a avaliación psicopedagóxica perante a dirección ou o propio Departamento de Orientación. Neste caso o Departamento de Orientación consultará á dirección, a través da Xefatura de Estudos, antes de recadar o consentimento escrito para a avaliación.

**3. Actuación do Departamento de Orientación**.

A avaliación psicopedagóxica é competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación (art. 14 da *Orde de 8 de setembro de 2021*).

a) Unha vez recibida a solicitude, o departamento deberá informar a familia, segundo establece o art. 18.2 da *Orde de 8 de setembro de* 2021, mediante o documento que figura como ANEXO II.

b) O Departamento de Orientación realizará a avaliación segundo as indicacións recollidas no artigo 17 da *Orde de 8 de setembro de 2021*.

c) O Departamento de Orientación, conforme ao establecido no artigo 16.4 da *Orde de 8 de setembro de 2021*, logo de informar a familia da realización da avaliación, emitirá un informe en que se dea conta da finalidade da avaliación, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación (ANEXO IV)

d) En caso de que o departamento precise asesoramento externo, realizará a solicitude de intervención do Equipo de Orientación Específico segundo o procedemento acostumado e o modelo formalizado, co visto e prace da dirección, despois de informar a familia (ANEXO V) e a través da correspondente solicitude de autorización á Inspección Educativa (art. 18.4 da *Orde de 8 de setembro de 2021*).

e) Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica, o Departamento de Orientación recollerá as conclusións e os resultados desta no correspondente **informe psicopedagóxico**.

**ANEXO II**. CONSTANCIA ESCRITA DE INFORMACIÓN POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DA ELABORACIÓN DUNHA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

## REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./Dna: ......................................................................, con DNI ......................., nai / pai / titor/a legal da/o alumna/o .............................................................................. que se encontra escolarizado/a no curso .................... do IES Camilo José Cela de Padrón, foi informada/o polo Departamento de Orientación da realización dunha avaliación psicopedagóxica á/ao súa/seu filla/o, co fin de acadar aquela información que poida considerarse de utilidade para mellorar a atención educativa recibida e adoptar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

Asemade, de acordo co disposto no artigo 17.5 da *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, autoriza o Departamento de Orientación a requirir as achegas pertinentes doutro persoal do centro docente ou, de ser o caso, das persoas profesionais que interveñen na súa atención integral.

Padrón, a ..... de .................. de 20___

Asdo: ..................................

**ANEXO III**. SOLICITUDE E AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA POR PARTE DO PROFESORADO TITOR

## SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA POLO PROFESORADO TITOR

D./Dna: ..........................................................................................., con DNI .........................., titor/titora do curso ………………. de ESO no IES Camilo José Cela de Padrón no presente curso 20___ / 20____, solicita a intervención do Departamento de Orientación do centro para a realización da avaliación psicopedagóxica ao/á alumno/a …………………………………………………………………………………….

Conforme ao establecido no artigo 15 da *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, solicítase esta avaliación de acordo ao(s) seguinte(s) suposto(s) contemplados na devandita orde (márquese o que proceda ou os que procedan):

□ Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte ao desenvolvemento xeral do alumno ou da alumna, así como á súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
□ Necesidade de completar os datos da avaliación inicial.
□ Necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade.
□ Necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
□ Necesidade de elaborar ou modificar o ditame de escolarización.
□ Resposta á demanda da administración educativa.

O que fago constar en Padrón, a …..... de .................. de 20___

Asdo: ..................................

**ANEXO IV**. MODELO DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

| **CENTRO EDUCATIVO** | **LOCALIDADE** | **CÓDIGO** |
|---|---|---|
| IES CAMILO JOSÉ CELA | PADRÓN | 15012730 |

| **ALUMNA/O OBXECTO DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA** | **CURSO E GRUPO** |
|---|---|
| | |

| **PERSOA QUE SOLICITOU A AVALIACIÓN** | **CARGO** | **DATA DA SOLICITUDE** |
|---|---|---|
| | | |

| **MOTIVO DA AVALIACIÓN** (márquese o que proceda) | |
|---|---|
| Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte ao desenvolvemento xeral do alumno ou da alumna, así como á súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais. | |
| Necesidade de completar os datos da avaliación inicial | |
| Necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade | |
| Necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización | |
| Necesidade de elaborar ou modificar o ditame de escolarización | |
| Resposta á demanda da administración educativa | |

| **RESULTADOS DESTACABLES** |
|---|
| |

| **POSIBLES PROPOSTAS DE ACTUACIÓN** | | |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

En ___________ a _________ de ____________ de 20____

**Sinatura**

Persoa responsable do Departamento de Orientación: D. Dna: ____________________________

**ANEXO V**. MODELO DE SOLICITUDE DE CONFORMIDADE PARA A INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

D./Dna: ..............................................................................., con DNI .........................., nai / pai / titor/a legal da/o alumna/o ............................................................................... que se encontra escolarizado/a no curso .................... do IES Camilo José Cela de Padrón, foi informada/o polo Departamento de Orientación da solicitude de intervención do Equipo de Orientación Específico, e está de acordo con esta medida para a atención educativa que precisa a/o súa/seu filla/o.

Padrón, a ..... de .................. de 20___

Asdo: ...................................

## **ANEXO VI**. MEDIDAS PARA ALUMNADO CON TDAH / TDA

O trastorno por déficit de atención é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento dos nenos e nenas afectados.

DESATENCIÓN : existencia de comportamentos como a dificultade para manter a concentración nas tarefas, a falta de perseveranza durante a súa realización e a desorganización.

HIPERACTIVIDADE: refírese o exceso de mobilidade e a inquietude constante.

IMPULSIVIDADE: actuar sen pensar nas consecuencias, coa procura da recompensa inmediata, así como a dificultade para agardar polos beneficios que se demoran no tempo.

Detrás dos nenos e nenas con TDAH encóntrase un rendemento académico inferior ao que se espera pola idade. O TDAH adoita asociarse con dificultades ou trastornos propios do aprendizaxe, sobre todo ante as tarefas de lectura, escritura, cálculo e matemáticas.

**Cando empeorará o comportamento destes nenos e nenas**

- Se a tarefa é difícil, esta resúltalle aburrida e non é quen de rematala.
- Se se lle esixe un traballo por un período de tempo prolongado.
- Cando ten pouco control (patios, espazos abertos, excursións, transicións de aula....)
- Ao realizar cambios de actividades que o neno ou nena non controla, nin se deu conta deses cambios.
- Se só se lle recordan os erros, non se acepta como é nin se lle respectan as súas características.
- Cando é castigado ou castigada en exceso.

### ORIENTACIÓNS XERAIS DE INTERVENCIÓN DENTRO DA AULA

**1.-** Deben estar **sentados/as cerca da mesa do profesor**, evitando a proximidade a portas, fiestras, papeleiras… onde non teña estímulos nin sonoros nin visuais.

**2.-** Enriba da súa **mesa só estarán os materiais que necesiten para realizar a tarefa** e, ao rematar, deberán recollelos e gardalos, non deixarlles que acaben xogando con eles.

**3.- Precisan normas claras e concisas**, a poder ser consensuadas e non moitas. Tamén é moi importante marcar as consecuencias do cumprimento ou incumprimento destas normas. E procuraremos manter un **ambiente estruturado**, motivador e con rutinas predicibles: axudaralles a sentirse seguros/as e saber o que teñen que facer en cada momento.

**4.- Ante as explicacións poden axudar as seguintes estratexias:**

- Ao primeiro, debemos asegurarnos de que nos están mirando e de que nos están atendendo.
- Procuraremos usar frases curtas e sinxelas.
- Debemos focalizar a atención nos aspectos clave.
- Precisaremos implicalos/as promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Cando poidamos, acompañaremos as explicacións orais con apoio visual.

**5.- Probas escritas e deberes ou tarefas.** Para mellorar o éxito das probas escritas, debido ás dificultades que presenta a maioría de nenos e nenas con TDAH, é necesario:

- Que as probas sexan curtas, con preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo (contestar con si ou non, tipo test, ou contestar con frases sinxelas...)
- Que completemos as probas escritas de forma oral, se observamos que están incompletos.
- Os contidos ou materias debemos esquematizalos, facer tarefas máis curtas do habitual, presentando as tarefas de forma secuencial.

  Por exemplo: LE ATENTAMENTE O TEXTO, SUBLIÑA OS ADXECTIVOS E FAI UNHA ORACIÓN CON CADA UN;
  Nós, a este alumnado, deberemos poñerlle:

  1.- Le atentamente o texto.
  2.- Subliña os adxectivos.
  3.- Fai unha oración con cada un dos adxectivos subliñados no paso anterior.

- Usar frases concretas que describen dunha maneira máis sinxela os conceptos.
- Usar frases resumo.
- Empregar frases que secuencien as tarefas ou situacións
- Mostrarlle as preguntas cada unha nun folio por separado.
- Alternar a forma de contestación da pregunta (unha de si/non; outra de marcar a resposta correcta, outra de tachar, outra de escribir unha frase sinxela, outra de unir conceptos.....) e salientar as partes máis importantes

de cada cuestión.

- Deixar máis tempo para as probas, incluso dividilas en dúas sesións.
- Eliminar o copiado dos enunciados, que apunte unicamente a páxina e o número do exercicio; pódese aproveitar que faga os exercicios directamente no libro (por exemplo, un exercicio de tipo subliña os pronomes no seguinte texto).

**6.- Reforzo inmediato**: dándolle a oportunidade de facer unha tarefa que sexa motivadora para el, despois de rematar unha que non fose motivadora.

**7.- Uso de apoios visuais, por exemplo, códigos de cor** (2 ou 3 cores): subliñado de diferentes cores en función do contido a destacar e daquelas palabras ou frases que respondan a preguntas : *quen*, *que*, *onde*, *cando*, *como*…)

**8.- Uso da axenda escolar**. É importante supervisárllela todos os días e **utilizala máis como reforzador positivo,onde se eloxie o bo rendemento, que coma un taboleiro de malos comportamentos**. É moi importante que se anoten con antelación os controis, exercicios, saídas, data de entrega de traballos... para que as familias e o propio alumnado estean informados e poidan colaborar .

**Consellos de motivación, control e mellora da conduta**

- Procuremos coñecer o seu estilo de aprendizaxe, as súas capacidades, as súas preferencias e motivacións para poder ofertarlle tarefas, preguntas nas que saibamos de antemán que vai ter éxito.
- Usemos o reforzo positivo, eloxios das pequenas cousas que faga ou que teña unha aproximación correcta.
- Evitemos as recriminacións verbais: hai que corrixir en privado e felicitar en público.
- Permitamos momentos de descanso e así tamén aproveitaremos para que adquiran responsabilidades como: borrar o encerado, repartir, recoller, ordenar os cadernos ou libros, facer fotocopias…
- Fagamos titorías individuais duns 10 minutos onde se lle poida indicar que se espera del ou dela, que se pode facer para mellorar o seu comportamento e rendemento, marcar os límites ou normas básicas de comportamento dentro da aula… Pero sempre cun ton positivo, non utilicemos esa titora para salientar o negativo.

**ANEXO VII**. MEDIDAS PARA ALUMNADO CON TEA

**TEA** ou **trastornos do espectro do autismo** abarcan un amplo espectro de trastornos caracterizados por: disfuncións da linguaxe e comportamentos reiterativos e repetitivos

**DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE :** dificultades que afectan á adquisición dos procesos básicos como lectura, escritura, razoamento e cálculo.

**1.- Asegurarnos que nos atende e entende** temos que: 1º estar seguros que nos mira; 2º Explicar a materia de maneira clara e concisa e 3º facerlle preguntas, ou alusións directa ou indirectamente de maneira continua que nos dean pistas de que o está a entender.

**2.-** Sentalo diante dá fonte de información (profesorado, encerado, pantalla, ordenador....) e afastado de posibles distractores físicos ou de compañeiros e compañeiras que o poidan distraer. Ideal sentalo cun compañeiro que poida prestarlle axuda tanto para rexistrar ou realizar as tarefas escolares, coma organizar o material, interpretar as situación sociais…

**3.- Os contidos ou materias** debemos esquematizalas, facer tarefas máis curtas do habitual, presentando as tarefas de forma secuencial.

*Por exemplo*: *LE ATENTAMENTE O TEXTO, SUBLIÑA OS ADXECTIVOS E FAI UNHA ORACIÓN CON CADA UN; deberemos poñerlle*:

*1.- Le atentamente o texto.*
*2.- Subliña os adxectivos.*
*3.- Fai unha oración con cada un dos adxectivos subliñados no paso anterior.*

**4.- Uso de apoios visuais:**
**Códigos de cor** (2 ou 3 cores): subliñado de diferentes cores en función do contido a destacar e daquelas palabras ou frases que respondan a preguntas: quen?, que?, onde?, cando?, como?
**Frases concretas** que describan dunha maneira máis sinxela os conceptos.
**Frases resumo**.
Frases que secuencien as tarefas ou situacións.

**5.-** Darlle **resumidos os contidos, feitos esquemas...**

